

MODIFICACIÓN ESTATUTOS

A)

*Artigo 2.2.- Con esta finalidade, a Sociedade organiza Congresos Ordinarios e outras Reunións Científicas, **organiza cursos de formación**, edita boletíns de información, potencia intercambios nacionais e internacionais, fomenta a relación entre as Universidades galegas e os sectores público e privado, estimula a investigación e difúndea a traveso de Series Monográficas e, en xeral, pon a Estatística e a Investigación de Operacións ó servizo da Ciencia e da Sociedade.*

A modificación consiste no engadido en letra negriña, motivado pola necesidade de que esta actividade –que SGAPEIO realiza con certa frecuencia para a promoción da Estatística– apareza nos estatutos da Asociación como un dos seus obxectivos para poder optar ás axudas oficiais da Xunta de Galicia para a organización de cursos.

B)

Artigo 6.2. Cada vez que se constitúe un novo Consello Executivo, a Sociedade envía ós seus membros unha edición actualizada -preparada polo Secretario Xeral- dos Estatutos, a lista de cargos da Sociedade e a lista de membros, con indicación das súas actividades profesionais, enderezo e teléfono.

O texto é substituído polo seguinte:

Artigo 6.2. SGAPEIO publicará na súa páxina web os estatutos e a lista de cargos da Sociedade.

Este cambio ven motivado polo custe non xustificado do envío repetido dos Estatutos, cando poden ser consultados permanentemente na páxina web, e máis pola actual normativa de protección de datos persoais, que impide a divulgación nos termos establecidos neste artigo.

C)

8.1. Tanto a Asemblea Xeral como o Consello Executivo poden propor modificacións ós Estatutos vixentes. Neste caso, o Consello Executivo organizará, nun prazo máximo de dous meses, unha Asemblea Xeral na que se someterá a referendun a incorporación das modificacións propostas. Ditas modificacións serán aceptadas sempre que a porcentaxe de votos afirmativos, de entre os emitidos, sexa superior ó 66%, e que o total de votos emitidos supere o 50% dos membros da Sociedade.

A modificación consiste no cambio de “o 50%” por “un tercio”